

CORRESPONDENTES XUVENÍS (8)

- **A Conduta PAS:**

En caso de accidente debemos seguir este protocolo de actuación, o cal consiste en tres accións básicas: Protexer, Avisar e Socorrer.

Visitando este folleto “En tu hogar-Quérete moito” da Cruz Vermella podedes aprender como actuar ante un accidente doméstico e nesta Guía de Prevención e Comportamento ante un accidente de tráfico , editada pola Dirección Xeneral de Tráfico atoparedes a información básica de coñecementos a ter en conta.

- **Esforza Verán 2023 para persoas con discapacidade:**

Está dirixido a persoas con diversidade funcional que, con independencia das súas particularidades, desexan mellorar a súa calidade de vida a través de actividades deportivas saudables.

As actividades serán: Axuda en Praia, Vela Inclusiva e Piragüismo inclusivo, todas elas para persoas maiores de 8 anos e cun grado de discapacidade igual ou superior ao 33% e, no caso da vela e do piragüismo, tamén para persoas que non teñen diversidade funcional, maiores de 8 anos e que saiban nadar.

As solicitudes de inscrición nas actividades realizaranse a través do Portal de Inscricións da páxina web da Fundación María José Jove: www.fundacionmariajosejove.org

O **prazo** para presentalas abrirase o día 22 de maio de 2023 ás 10.00h e manterase aberto **ata o 2 de xuño de 2023 ás 14.00h**.

<https://www.fundacionmariajosejove.org/esfuerza-verano-2023/>

- **Concurso de Curtos “Senado polo Clima”**

O Senado de España convoca este concurso no que poderá participar calquera persoa de entre 12 e 18 anos que resida en España.

A temática das curtametraxes será o cambio climático, podendo ser indistintamente de ficción, animación ou documentais. O tempo máximo de duración será 4 minutos.

Só se pode presentar unha obra por participante, a cal deberase enviar en calquera formato dixital a senadoporelclima@senado.es. O prazo estará aberto ata o 30 de xuño de 2023.

Premios

1º premio: Cámara tipo mirrorless con sensor CMOS de 24,1 MP con funcionalidades para fotografía e creadores de contido, obxectivo 15-45 mm, accesorios e micrófono estéreo de condensador electret.

2º premio: Interface de audio USB de 2 canles para Podcast, micrófono dinámico, auriculares estéreo pechados e kit de soporte para o micrófono.

3º premio: Estabilizador para móvil e micrófono ultra compacto e lixeiro para creación de contido.

<https://www.senado.es/web/actividadparlamentaria/actualidad/ConcursoCortometrajesSenadoporelclima/index.html>